

Divulgando o uso da lingua. (falada ,escrita, lida e escoitada)

Esta é "Unha aula do 2º ciclo", os nenos teñen oito anos, xa saben ler e a partir de agora os textos serán máis completos, neles van descubrindo palabras novas e un xeito diferente de contar as cousas.



Ás veces as contan oralmente e outras por escrito, ámbolas dúas requiren esforzo, atención e gusto polo que fan.

Os venres dous alumnos expoñen ós compañeiros, na lingua que eles elixen expresarse, o último libro que leron, recomendándolles a súa lectura se lles pareceu interesante.

O remate da presentación fanlle ó orador as consultas que consideren oportunas tanto da historia en si coma de: onde o colleu, canto tempo lle levou lelo, se ten moitas páxinas, como son as ilustracións...

leo escribo falo escoito

Ese mesmo venres outros dous nenos len a redacción escrita esa mesma semana .Os temas desas redaccións están relacionadas ben, cos temas que están a dar, ou, como xa faciamos no curso anterior e seguen a facer neste curso algúns alumnos do 3º ciclo, relacionando dúas verbas sacadas ó azar do “ Noso dicionario particular” ou propostas por eles, (disque se chama “Binomio fantástico”).

